



Nº EXPEDIENTE: 2022/SUBDIREC/000040

ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA DIRECTA AO FÚTBOL SALA CIDADE DE PONTEVEDRA POLA SÚA PARTICIPACIÓN NA FASE DE ASCENSO A 2ª DIVISIÓN NACIONAL DE FÚTBOL FEMININO TEMPADA 21/22 NA LOCALIDADE DE ARUCAS (GRAN CANARIA)

RESOLUCIÓN

1. O Fútbol sala Cidade Pontevedra (CIF G94125762) presentou unha solicitude de subvención, pola Sede Electrónica do Concello, na que pide unha axuda económica de 4.500,00€ con motivo da súa participación na fase de ascenso a 2ª división nacional de fútbol sala feminino tempada 21/22 na localidade de Arucas (Gran Canaria).

2. O concelleiro de educación, deportes, actividade física e saúde ditou unha providencia motivada na que se dispón iniciar o expediente para outorgar a subvención directa solicitada, ao Fútbol Sala Cidade de Pontevedra, de ata o 100% do importe do gasto total e co límite de 4.500,00 €.

3. A solicitude presentada pola entidade interesada acompáñase da seguinte documentación:

- Certificacións de estar ao corrente coa Consellería de Economía e Facenda.
- Memoria explicativa da actividade a desenvolver.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade a subvencionar.
- Compromiso da beneficiaria de comunicar ao Concello calquera outra axuda ou subvención que se conceda para a mesma finalidade e a declaración responsable esixida polo artigo 12 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello (OXS).

Consonte coa OXS incorporouse de oficio ao expediente:

- Copia do NIF da entidade solicitante.
- Certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria.
- Informe do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria conforme a interesada non ten débedas coa facenda municipal.
- Documentación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.
- Documentación acreditativa de que a interesada se atopa inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 497.
- Documentación acreditativa da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas e de Deportistas de Galicia co número C-09908

4. Ao abeiro do establecido no artigo 3 da citada ordenanza, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha





finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no referido precepto.

Neste senso os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as materias de promoción do deporte e ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

5. Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa, con carácter excepcional, cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Partindo deste precepto, o artigo 36 da OXS regula a posibilidade de conceder subvencións de forma directa, previndo o seu parágrafo 1.c) que se poderá acudir a este procedemento de forma excepcional cando, de maneira motivada, se acrediten as anteditas razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, ata un 30% do importe do crédito destinado a cada partida orzamentaria e non superen a contía de 12.020,24 €.

6. Atendendo á esixencia de motivación que consigna o artigo 36.1.c) da OXS, incorpórase ao expediente a providencia do concelleiro de Educación, Deportes, Actividade Física e Saúde na que se explican cales son as razóns de interese público, social e económico que xustifican o outorgamento da axuda económica solicitada.

Deste xeito, indícase polo órgano competente que: “Segundo a memoria da actividade presentada polo solicitante, o equipo feminino do Fútbol Sala Cidade de Pontevedra gañou o dereito a participar na fase de ascenso a 2ª división nacional de fútbol sala feminino. Con todo, o importante feito de que un equipo da nosa cidade participe na fase de ascenso, non podería ter lugar sen a axuda económica do Concello, xa que as competicións de carácter nacional supoñen unha excepcionalidade ao normal desenvolvemento das competicións de base, xa que dependen dunha difícil e eventual clasificación na competición ordinaria de carácter autonómico. Xa que logo, resulta imprescindible o apoio do Concello de Pontevedra para promover o desenvolvemento do deporte de base, e, en especial, o fútbol sala.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha subvención directa, por importe máximo de 4.500,00 €, pola súa participación na fase de ascenso a 2ª división nacional de fútbol sala feminino. A relevancia da proba deportiva sinalada, así como as anteditas razóns de promoción do deporte e da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade.

Cómpre subliñar que por ser unha actividade extraordinaria e que non pode ser prevista con anterioridade, xa que se trata dunha consecuencia dun resultado deportivo, impide a consignación no Orzamento Municipal dunha aplicación orzamentaria específica con esta finalidade, polo que a tramitación da axuda deberá de canalizarse polo procedemento previsto no artigo 36.3 da OXS, tendo en conta a importancia da





participación dun equipo pertencente ao noso municipio nun campionato de nivel estatal para a difusión do Concello e para cuxo financiamento resulta indispensable a colaboración municipal.

A participación na fase de ascenso a 2ª división nacional corresponde, por normativa federativa, ao campión da Liga Preferente Galicia Feminina, o que imposibilita a concorrencia con outras entidades, xustificando a imposibilidade de promover unha concorrencia pública da subvención proposta, ao ser o único club de Pontevedra que participa na dita competición”.

7. Motivada no expediente a excepcionalidade do outorgamento directo da subvención, a contía que se pretende outorgar ascende a 4.500,00 €. Neste senso, cómpre subliñar que consonte co disposto na base 40.2 das de execución do orzamento vixente, non será aplicable, na tramitación de subvencións directas, o límite contido no artigo 36.1.C da OXS.

8. A subvención proposta poderá instrumentalizarse a través dunha resolución ou decreto do órgano competente, tendo en conta o disposto polos artigos 28 da Lei 38/2003 e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia que consideran ao convenio “*instrumento habitual*” para canalizar as de concesión directa, máis non configura ao convenio como instrumento indispensable, permitindo outros cauces para a formalización do acordo que se adopte.

O artigo 65.3 do Real decreto 887/2006 que aproba o regulamento polo que se desenvolve a Lei 38/2003 e o artigo 36.4 da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello regulan os extremos que deberá incluír a resolución pola que se conceda a subvención.

Xa que logo, o decreto que, no seu caso, dispoña a concesión da subvención solicitada deberá conter os extremos enumerados no dito artigo, debendo indicar ademais o carácter singular da axuda e as razóns que acrediten o interese público, social, económico, humanitario e de oportunidade e obxectivos perseguidos. A este respecto, xúntase ao expediente un proxecto das bases específicas que regulan o outorgamento da subvención e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación.

9. Consonte co disposto no artigo 75 do Real Decreto 887/2006 e na base 43 das de execución do Orzamento, a xustificación da axuda outorgada realizarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, que deberá de presentarse pola entidade beneficiaria na forma e contido previstos nos citados preceptos e no decreto regulador da axuda.

10. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 50 das de execución do orzamento, únese ao expediente unha memoria económica que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

11. Segundo o artigo 36.3 da Ordenanza municipal de subvencións, é unha atribución do alcalde a concesión de subvencións que, con carácter excepcional, se outorguen con cargo á porcentaxe do 30% dos créditos de cada partida e non superen a contía de 12.020,24 €; esta competencia atópase delegada, por decreto da alcaldía de data 24/06/19, no concelleiro de goberno responsable de Economía e Facenda

12. A Intervención Xeral, con data 06.06.22, informou de conformidade o expediente segundo o disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da





administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. No informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral consta unha observación que non suspende o procedemento pero que deberá ser tida en conta, coa consideración de incumprimento esencial. Asemade no mesmo informe e a modo de explicación dá conta dun erro na transcripción dos números de Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Pontevedra e no Rexistro de Entidades Deportivas e de Deportistas de Galicia,

13. O 22.09.22 o director do servizo de deportes emite informe, sobre o incumprimento que consta no informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral municipal, no que se entende subsanado o incumprimento.

14. No que á subvención respecta, deberá comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

ACORDO:

Primeiro: Aprobar a concesión da subvención directa ao Fútbol sala cidade Pontevedra (G94125762), con motivo da súa participación na fase de ascenso a 2ª división nacional de fútbol sala feminino tempada 21/22 na localidade de Arucas (Gran Canaria) e por importe de 4.500,00€, nos termos previstos na providencia do inicio do expediente do concelleiro de Educación, Deportes, Actividade Física e Saúde e nas bases reguladoras da axuda.

A achega económica financiará ata o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de 4.500,00 €, en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación nº	Importe
05.3410.489.01	12022000052373	4.500,00 €
Total		4.500,00 €

Terceiro: Aprobar as condicións específicas do outorgamento desta subvención como anexo ao presente acordo, contidas no documento co CSV (9KIDOPR8RB15AH7X) .

Así o manda e asina o Sr. Concelleiro delegado da área de Economía e Facenda, na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

